



XUNTA
DE GALICIA

ACTA DO XURADO DO IV CONCURSO BALBINO DE RELATOS

No Pazo de San Roque, en Santiago de Compostela, o 17 de setembro do 2019, reuniuse o xurado do IV Concurso Balbino de Relatos, constituído por Carlos Loureiro Rodríguez, en calidade de Presidente, Rosalía Morlán, Ánxela Gracián e Xosé Manuel Lobato, como Vogais, e Armando Requeixo actuando como Secretario.

Logo da pertinente deliberación, o xurado decidiu outorgar por maioría o premio do concurso ao orixinal presentado baixo o título *Banda Sonora Orixinal* e lema 'B.S.O.'. Aberta a plica, o texto resultou ser da autoría de Pablo Nogueira Campo.

O xurado valorou en *Banda Sonora Orixinal* o traballado da súa estrutura, con prosas que van enlazándose entre si, dando o final dunhas pé ao comezo doutras. Tamén salientou a calidade e eficiencia da súa escrita, así como a intelixente integración no relato de abondosas referencias ao mundo musical e literario, todo peneirado nunha atmosfera de indubidable pegada cinematográfica.

Así mesmo, o xurado quere destacar a estimable participación nesta convocatoria, na que concursaron preto dunha vintena de orixinais, e a notable calidade de varios dos textos presentados, que incluíron tanto conxuntos de relatos coma novelas.

Tamén si, quere significar e agradecer o esforzo que a empresa Técnicas & Gramaxe e o seu selo Edicións Fervenza (que será o responsable da publicación da obra gañadora) fan para que este certame sexa unha realidade, empeño no que contan coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Deputación de Pontevedra e os concellos de Vila de Cruces e Boqueixón, así como co apoio da Fundación Xosé Neira Vilas.

Asinan a presente, no día e lugar amentados

Carlos Loureiro Rodríguez
Presidente

Rosalía Morlán
Vogal

Ánxela Gracián
Vogal

Xosé Manuel Lobato
Vogal

Armando Requeixo
Secretario